

BREVE COMENTARIO SOCIOLOXICO A UN OLLO DE VIDRO - MEMORIAS DUN ESQUELETE

ELISA RIO CONDE

Co meu agradecemento ós profesores Xosé Estévez e Juan F. Villar.

Un home inqueda e polifacético, Castelao, iníciase na faceta como escritor cunha pequena obra, un relato breve, cheo de imaxinación e humorismo. Pero, debaixo deste humor, debaixo da socarronería galega, amóstrase a crítica dunha sociedade: da sociedade galega do seu tempo.

Castelao sírvese dun mundo de mortos para presenta-lo mundo galego dos vivos. Non é unha sociedade móvil, é o labor dun dibuxante. Son pinceladas soltas que van configurando os rasgos que ó escritor interésanlle resaltar.

Esta sinxela peza en prosa pode bastar como mostra do espírito de Castelao. Non é necesario ve-las súas pinturas, os seus dibuxos, as caricaturas... Nin tan siquiera ler a súa obra ensaística; co fondo aceso que latexa nesta obra quédanos idea moi crara do pensamento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Imonos fixar no contido da obra dende unha perspectiva sociolóxica, segundo a teoría do materialismo histórico de Ludovik Osterc, xa que coido que é a que mellor se axusta á peza literaria que temos ante nos. A brevedade do relato, os rasgos que presenta, os recursos usados polo autor fanmo pensar así.

Ludovik Osterc presenta súa teoría na obra: *El pensamiento social y político del Quijote*, coa seguinte definición:

"El materialismo histórico es el materialismo dialéctico aplicado a los fenómenos sociales y sus problemas. Se llama materialismo porque a diferencia del idealismo que afirma el carácter primario e independente del espírito, considera la materia, o la naturaleza, como lo primario, y el espíritu, la conciencia, como lo secundario, lo derivado. (...) Se le denomina dialéctico porque en oposición a la metafísica, no conceptúa la naturaleza como un conglomerado casual de objetos y fenómenos, sino como un todo articulado y único, en el que los objetos y los fenómenos se hallan orgánicamente vinculados unos a otros, y dependen unos de otros" (1).

O autor escribe unha narración, á cal divide en dous corpos. O primeiro corpo corresponde ó prólogo e ó remate de peza. Neste corpo, temo-la presenza dun narrador autobiográfico que merca as memorias dun esquelete a un enterrador de cidade.

(1) Osterc, Ludovik, *El pensamiento social y político del Quijote*, Facultad de Filosofía y Letras, Universidad Nacional Autónoma de México, 1975, p. 25.

Trátase dun dobre recurso: a forma autobiográfica e a compra das memorias sírvenlle ó autor para alonxarse da crítica do relato central. O propio narrador faino explícito:

"As memorias do esquelete é o que ides a ler. escoitade pois, a un home do outro mundo pregándovos por adiantado que nom me fagades solidario das súas ideas" (2).

A estrutura e o autobiografismo son dous recursos xa utilizados na literatura. Baste recorda-la novela picaresca.

A narración en primeira persoa dáse ó longo das memorias do esquelete.

Aínda que estes recursos son importantes, varios adquiren carácter especial.

-O mundo ultraterreo: a modo dunha danza da morte da época medieval. Cada unha das persoaxes conserva, como esquelete, as características que tivo na vida. Este mundo sírvelle para face-la crítica sen comprometerse persoalmente. O lector vaina deducindo pouco a pouco, quedándolle un pouso de amargor, pero sen chegar á que podería ter no caso de facerse cun relato de tipo realista.

-O ollo de vidro: convírtese, máis alá da persoa que o leva, no elemento determinante da crítica. Se o esquelete non tivera a posibilidade que lle otorga a posesión do ollo, a crítica non sería unha realidade, non tería logar.

"Aquel ollo de vidro que de nada me servira na vida, sírvenme agora pra mirar" (3).

O cristal polo que se mira a realidade, confire ó protagonista a oportunidade de xugar. Danos a súa ollada particular, non oculta as opinións, e así, coñecemos os sentimentos. Verque ideas, pensamentos, e permítenos sabe-las ideas do autor da peza narrativa.

-O humorismo: o texto está cheo de humor, de ironía. Configúrase o relato a base de situacións extrañas, non posibles no mundo real. A figura do enterrador de cidade, a do esquelete protagonista e as dos seus compañeiros de cemiterio, todas están salferidas da socarronería do autor.

No meu modo de ve-la obra, na miña perspectiva sociolóxica, estos son os tres recursos principais. Todos eles alivian a tensión narrativa, e restan amargura ó verdadeiro contido do relato.

Neste mesmo camiño alcontramos outros medios. A estrutura lineal na construción do conto, as persoaxes, a linguaxe de cada unha delas... Todos son vehículos literarios, de expresividade, na obra.

Pese a brevedade, Castelao amostra riqueza creativa, sendo posible unha análise literaria máis fonda, da que agora non me ocuparei.

(2) Castelao, A.D., *Obra Completa*, Colección Arealonga, Editorial Akal Editor, Madrid, Tomo I, p. 32.

(3) *Op. cit.*, p. 34.

A sociedade que nos presenta o autor céntrase nun entorno urbán. O narrador chega a prometer unha segunda parte, referida ó mundo rural, que non se publicou.

Como dixemos antes, non se trata dunha sociedade en movemento. Cada persoa representa unha clase social. O relato non segue un orde especial. Váisenos presentando a cada un dos protagonistas, e o que foi a súa vida. Tras a súa experiencia, o esquelete dono do ollo de vidro, comenta nas súas memorias o que coída respecto de tales vidas: é a opinión do propio Castelao.

O esquelete, ademais de presenta-los seus compañeiros de cemeterio, xuzga súas posturas. É a figura central do relato, que serve de lazo de unión destes membros. Membros dunha sociedade, e pezas do relato. Cada un deles pode estudarse de maneira independente, sen que perda sentido, pero a globalidade da narración precisa do ollo de vidro, que, como se dunha cámara de cine se tratara, vai recollendo as vivencias. O resultado é unha narración literaria e a ollada da sociedade do tempo de Castelao.

Os estados sociais definen a súa preponderancia polo diñeiro co que contan; é o elemento que da e quita o poder, pero que no mundo do cemeterio non lles serve para nada. A morte igualou a criada e o cacique, o pataqueiro rico de mausoléu de mármore e a moza que morréu polo amor.

Pola exterioridade das covas dos habitantes do cemeterio, deducimos a división social da sociedade en vida. Limítome a facer a presentación, para, nun momento posterior do traballo, determe na crítica.

O estamento máis alto corresponde ó cacique.

"Quixen saber quén fora o vampiro no mundo dos homes e fun ler o seu nome de bronce no rico mármore da campa (...) Era..., iera un cacique!" (4).

Socialmente, detras do cacique podemos ve-las figuras dun pataqueiro e dun filántropo que fixo as Américas.

"Hai no camposanto un pataqueiro que morréu de fame e que hoxe ten mausoléu de mármore (...)

Outro esquelete de mausoléu de mármore foi un americano" (5).

Entre estas clases superiores e as inferiores, sitúanse varias persoas: dous suicidas, un inglés, un zapateiro, e o colectivo dos médicos, representado na narración do esquelete central, e polo home que merca as súas memorias.

Nas castes inferiores atopámonos coas figuras dos enterradores e coas dúas mulleres das que se fai referencia na obra.

"Debaixo dunha cruz de pau mal pintada con ferruxe, repousa un esquelete que según fala foi tan desventurado no outro mundo como é felís niste" (6).

(4) *Op. cit.*, p. 45.

(5) *Op. cit.*, p. 40.

(6) *Op. cit.*, p. 40.

Esta variedade social dá pé para que se reflexe a crítica de Castelao e os seus desexos de cambio. O descontentamento do autor exprésase en sentido inverso á nosa presentación. O narrador empeza falando do mundo dos probes e vai subindo na escada social, mentras que a súa opinión, o seu pensamento, vai endurecéndose.

O médico, o home que merca as memorias, non exerce un labor crítico; límtase a manter as distancias co enterrador de cidade, pero deixa a dureza interpretativa para o esquelete; é máis, como xa vimos, non quere facerse solidario, compartir a tese do relato. Polo tanto, non permite que coñezamos as súas ideas.

O esquelete, sen relatar o que foi a súa vida e ocupación laboral nela, váisenos describindo polo seu modo de actuar e opinar encol do mundo dos mortos. No remate do relato temos clao o seu carácter psicolóxico e a súa personalidade. É o único esquelete e a única persoaxe tan ben definido. Dos demais esqueletes obtemos rasgos soltos, o que, en definitiva, convén coñecer deles. Non intresa saber máis, o que confirma o carácter de obra social.

Despóis de ve-la pirámide social, pasamos a ve-las críticas que Castelao verque no relato, e, no caso que as haxa, as solucións que propon. Nesta exposición tomo camiño inverso á que foi a miña visión das castes sociais. Encomenzo pola base da pirámide, da que fixen referencia nos párrafos devanditos.

Imonos atopar cunha sociedade tipificada, parella a do mundo dos homes, que vemos acotío. Temos costumes semellantes:

"Compre decir que eiquí non está permitido presenarme en sociedade con farrapos de carne fedenta apegados nos ósos" (7).

O esquelete amosa axiña o seu espírito inqueda. Non esquence o mundo dos vivos, e sitúanos no tempo de revoltas campesiñas. O dono do ollo de vidro espera alcontrar, no primeiro habitante do cemeterio co que entabla conversa, unha muller morta nas revolucións da época, pero a causa da morte é moi diferente.

"Axiña decatéime que era un esquelete de muller e inquerín garimoso.

-¿Será vostede algunha muller das que mataron en Oseira, Nebra ou Sofán?

-Non, señor, non -respondéume-. ¡Eu morrín de tristura! (...)

Eu morrín namorada do home que apodrece debaixo desta pedra" (8).

Supon a primeira desilusión do recién chegado:

"Era un sarxento de bigote arrichado fumando un puro con anilla.

Non quixen saber máis e funme deitar" (9).

Aínda que atopamos outra muller, prodúcelle ó esquelete unha reacción moi distinta.

(7) *Op. cit.*, p. 34.

(8) *Op. cit.*, p. 35.

(9) *Op. cit.*, p. 35.

Frente a desilusión da primeira experiencia, a segunda muller deixa marca no espírito do protagonista central das memorias:

"Ista sinxela lería deixóume amaiado" (10).

A muller foi en vida bulrada polos amores dun señorito, quen abusou da súa posición social. O esquelete, a voz crítica do autor, co silencio dinos canto rechaza esta actitude.

"Tanto esgarabellóu o señorito na miña tolería moza que deixéime pór o dente" (11).

O exemplo de muller que foi unha rapaza que quixo chegar ós postos que non lle correspondían, non é usado polo escritor para crítica-la. Un dato resalta nesta persoa é feliz no mundo dos mortos. Expressa a súa ledicia por alcontrarse no cemeterio e non alongo o seu sufrimento na vida.

"Caín a rolos e atopéime coa morte, sen saber o que era un traxe de seda nin un grolo de champán. Fea vivín, mallada e batida; agora pododo durmir" (12).

Cada caso é un mundo e unha lección particular. Neste caso trátase do abuso dun señorito sobre unha rapaza xoven e bonita, sen importarlle a persoa. Subyace a crítica por chegar a ter os privilexios na vida terreal: cartos, poder, aparencia exterior.

O esquelete resume nestas verbas o que é o cemeterio, o que en conxunto ven a ser o cemeterio: un conxunto de fracasados na vida:

"Logo meus compañeiros, afeitos ás regalías do outro mundo ou fracasados na vida, non fan máis que laiáranse polo que perderon ou polo que non conqueriron" (13).

Así recolle o acaecido co zapateiro botado do orfeón pese a súa boa voz, (ó menos, eso coida), e que morre de tristura:

"Deus regalárame cunha gorxa e non me dera orella... Tan magoado fiqué que perdín a coor e os folgos pra o traballo (...) A tristura foi estruchándome a caixa do peito e no derradeiro ensaio do orfeón fuxeu a vida de mín nun suspiro velaíño.

O probe zapateiro morréu de saudade" (14).

Outra caste social ben definida é a dos enterradores. Temos dúas figuras: o enterrador de cidade e o enterrador rural. O autor manifesta claramente o que supón a figura do enterrador de cidade. É, sinxelamente, un recurso para o relato, e no mesmo conto, faino expreso:

"Iste meu amigo non é de certo amigo meu; é somentes un ouxeto de esperencia, un coelliño de Indias" (15).

(10) *Op. cit.*, p. 41.

(11) *Op. cit.*, p. 41.

(12) *Op. cit.*, p. 41.

(13) *Op. cit.*, p. 44.

(14) *Op. cit.*, p. 36.

(15) *Op. cit.*, p. 31.

Aprovéitase dos mortos para mellora-la súa posición social i económica. Aseméllase ó cacique, pero mentras éste saca proveito dos vivos, o enterrador faino dos mortos.

"Un enterrador de cidade que dispe e descalza ós mortos pra surtir as tendas de roupa vella, ten de sere home que lle compre a un humorista. Un enterrador que saca boa soldada co ouro dos dentes das caliveras, tiña de sere meu amigo" (16).

Debaixo desa pretendida amizade, ascóndese o desprecio do narrador, que busca manterse alonxado. Non o dice directamente. Imolo descubrindo polas súas actitudes:

"Eu fiquéi un pouco encorado polo medo é sorpresa descoñecida e dispóis de collerme pola hobreiro e arrechegarme os seus beizos podres é miña orella..." (17)

No enterrador temos unha das personalidades mellor definidas. É un home primario e inculto.

"-Atopéi uns papeles nunha caixa. Nunha caixa que non sei de quén sería. O esquelete tiña na calivera un ollo de vidro que me fitaba con xenreira. (...) O enterrador non sabía ler e doumos a mín pra que llos lese. (...) O enterrador, moi amocado, xuróu que se non fose por Deus íñase ó esquelete e escháballe a calivera cun sachó" (18).

Un home únicamente preocupado polos cartos:

"-Vostede, que é médico, ¿non saberá ónde mercan ollos de vidro?

E por catro cartos fíxenme dono do ollo de vidro e das memorias" (19).

A crítica de Castelao faise en comentarios breves, como frechas:

"Iste enterrador tense por home de ben (...) meu amigo conservada o seu traxe e os seus zapatos novos, proba de que o enterrador de aldea é mellor cristiano que o seu colega da cidade" (20).

A cita devandita permítenos ver como o enterrador da aldea non ten as mesmas ilusións económicas que o seu colega de cidade. Aínda que non sabemos cómo serían as memorias do esquelete de aldea, o relato parece dicir que o mundo rural é preferible respecto do mundo urbán.

"Quixera estar soterrado nun cemeterio aldeán, no adro da Eirexa... ¡Con qué ledicia escoitaría nas mañáns ledas do domingo as conversas dos feligreses!. Niste cemeterio de cidade as xentes non veñen máis que a falar dos mortos, e cántas parvadas dín!" (21).

(16) *Op. cit.*, p. 31.

(17) *Op. cit.*, p. 32.

(18) *Op. cit.*, p. 32.

(19) *Op. cit.*, p. 32.

(20) *Op. cit.*, pp. 31, 48, 49.

(21) *Op. cit.*, pp. 43-44.

Ascendendo na escada social, alcontramos o tema da emigración. Castelao reflexa a experiencia propia, pero no caso do relato, o protagonista sofre a face amarga da emigración.

"Lémbrome que sendo eu rapaz chegou meu pai da América. O probe non trouxo máis que uns borceguíns vellos e un tarro amedeado de bicarbonato; viña enfermo e morréu axiña" (22).

Céntrase na figura do fillo, desilusionado, xa que de seu pai espera o resoltado da súa idealización, o pai perfecto:

"Sempre choréi o fracaso de meu pai que na miña admiración de fillo, tíveno polo máis bó, arriscado, intelixente e forte do mundo enteiro" (23).

Tamén se detén no tema nun conto da obra *Cousas*, "O pai de Miguel":

"E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazando á súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi flaco, metido nun traxe moi floxo; un home de cera, coas orellas fora do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo... Aquel sí que era o pai de Migueliño" (24).

É a ollada do relato ó problema da emigración, longamente tratado por Castelao en tódalas súas obras.

"Aquelas terras lonxanas que xugaron a vida do meu pai foron arreo maldecidas por min" (25).

A crítica soavízase no momento en que do rueiro dos esqueletes surde seu pai. Esta aparición súpeta sírvelle de motivo para ridiculizar unha das supersticións máis antigas de Galicia: a peregrinación ó an Andrés de Teixido.

"-Teño de ir ó San Andrés de Teixido" (26).

Novamente co humorismo como recurso: a reencarnación nun lagarto e a vixilancia da cova, por si se poidera da-lo caso de que o esquelete coxo lle roubara unha perna.

Castellao ten a capacidade deirse de si mesmo e da súa profesión: a de médico. Sabemos que Castelao exerdéu os seus estudos de medicina por amor ós seus semellantes, e quizáves, por eso a súa crítica.

Descrêbesenos a persoalidade dun médico no primeiro narrador. Un médico que non foxe da morte, e que é capaz de aproveitarse das experiencias dun enterrador, co que percura mante-las distancias sociais. Por eso, como xa vimos, en un ouxeto de experiencia, co que pode pasa-lo tempo adevertíndose, e ó que merca as memorias e un ollo de vidro por pouco diñeiro.

Este médico é un home inqueda, como se amosra no seu actuar, que verque a súa visión da sociedade. El danos a coñece-los seus desexos:

(22) *Op. cit.*, p. 41.

(23) *Op. cit.*, p. 41.

(24) *Op. cit.*, p. 116.

(25) *Op. cit.*, pp. 41-42.

(26) *Op. cit.*, p. 43.

"(...) Serás o rei neste cemeterio; mais eu prégoche que non te fagas cacique" (27).

Temos crítica contra o caciquismo.

Tamén reitera a opinión de que non é igual un mundo urbán, que o mundo rural:

"(...) Se canto escriba o meu amigo é dino de intrés asegúroche que será publicado pra que compares e vexas que non é o mesmo ser soterrado no adro dunha Eirexa que nun cemeterio de cibdade" (28).

Se por un individuo non se pode xuzgar unha caste social, o esquelete dono do ollo de vidro amosa a súa propia vivencia. Os médicos quedan como unha clase farturenta de diñeiro e despreocupada polos homes.

"Fun ós medicos e lambéronme unha manchada de cartos e no remate de contas o ollo sandar sandóume, pero quedóume grollo. (...) Agora sí, os médicos dispóis de lamberme outra manchada de cartos, puxéronme un ollo de vidro" (29).

E aínda insiste nun diálogo cun esquelete veciño:

"Cicáis haxa folga de médicos, anque non coído que os médicos poidan evitar a mortandade.

(...) -¿E logo il habrá folga de médicos?

-Non hai folga, non; pois denantes de enterrarme, dous médicos arremangados coma dous cortadores abríronme a cachola cun serrón" (30).

Da importancia do diñeiro no mundo dase fe na obra pol vida de varias persoaxes máis.

Os cartos son a paga que daría o inglés ó rapaz que se ve amolado polos xogos que entreteñen ó forasteiro:

"-Min divertirme moito. Min sentir non ser no outro mundo pra donar ó rillote unha esterlina" (31).

Ninguén está conforme coa súa sorte: o pataqueiro que tivo o que quixo en vida, quere ser poeta, tense por bon poeta. O filántropo non é nada sen o diñeiro, e pasa o tempo atacando ó poeta. Nin tan siquera dispóis da morte desaparece a envidia e os enfrontamentos persoales. O pataqueiro:

"Foi home de gran merecemento na vida; mais agora é insoportábel en forza de coidar que non nacerá no mundo quen o aventaxe como poeta" (32).

O filántropo:

(27) *Op. cit.*, p. 49.

(28) *Op. cit.*, p. 49.

(29) *Op. cit.*, p. 33.

(30) *Op. cit.*, p. 36.

(31) *Op. cit.*, p. 39.

(32) *Op. cit.*, p. 40.

"Foi un americano que farto de engaliolar ós indios no Chaco con adoa de vidro, morréu en arrecendor de santidade, deixando cartos pra Escolas e Hospitaes. (...) O filántropo non fai nin di nada que mereza contarse. Sin diñeiro ten mortas todas as súas autividades" (33).

A figura dun filántropo tamén é recollida por Celso Emilio Ferreiro, na súa obra de relatos *A fronteira infinda*, con rasgos moi semellantes ós reflexados na persoaxe de Castelao. No caso de Ferreiro trátase dun home que abusa dos negros e que, na hora da morte, esquécense da súa familia, máis necesitada en comparanza con aqueles a que o filántropo cede a súa abundante fortuna.

Os dous escritores critican a aparente filantropía de dous homes que se fan ricos tras abusar dos probes, e dispóis deixan seus cartos cando non lles sirven para cubri-las necesidades da vida.

O pataqueiro e o filántropo dan pé para presenta-la crítica máis dura das memorias. Ésta vai contra o cacique.

Nun mundo de mortos, de esqueletes, o cacique adouta a figura dun vampiro. O esquelete é testigo de como o vampiro da morte a unha rapaza.

A crítica endurecese. O vampiro vai sumando o número de vítimas.

"O vampiro siguéu chuchando o sangue de máis vítimas que iñan morrendo como as lámparas de aceite chuchadas polos morcegos.

Fora un canalla que roubaba pra dar regalía ó seu bandullo de porco; dono da xusticia, roubaba dende a súa confortábel casa" (34).

Igual que fixo Castelao en vida, o esquelete busca maneira de eliminar do cemeterio ó cacique. Dispóis de consulta-la cencia, representada nun esquelete ve-ciño, a única solución é a de queima-lo cadavre.

"-Vampiros hainos; pois logo polo sí ou polo non, debían queimarse a todos os caciques. Os caciques son capaces de facérense os mortos pra seguir vivindo á conta dos malpocados" (35).

A solución que coida o autor vense a engadir á proposta polo narrador primeiro, donde pide ó seu amigo que non se faga cacique. (Ver nota 27).

A crítica social complementase coa política.

Xa vimos a desilusión do esquelete, cando descubre que a muller que el pensa que morrera na revolución, morrera por amor, e, ademáis, de amor a un sarxento. (Ve-la nota 9). Di non quer saber máis, pero coido que a revolución non é posible:

"Nistes días hai moitos enterros. Non sei si habrá andacio, pois revolución non debe habela coa cobardía que teñen os vivos" (36).

Os problemas que acaescen na vida, seguen no mundo dos esqueletes. Así, atópase coas discusións sobre o modo de goberna-lo pais.

(33) *Op. cit.*, p. 40.

(34) *Op. cit.*, p. 45.

(35) *Op. cit.*, p. 47.

(36) *Op. cit.*, p. 36.

"Cando entréi funme cara un fato de esqueletes que estaban escoitando a leria dunha calivera que tiña un buraco nunha sen (calivera de suicida moi século XIX). As súas verbas tíñaos a todos coa boca aberta; pero na médea hora que estiven escoitándoo nin tan siquera puđen apañar unha idea. Aquil suicida tiña un só ideal: a República" (37).

O autor ridiculiza ó esquelete defensor da República. Trátase da figura dun suicida, caracterizado como dono de ideas non realizables, máis propias dun atraso, do século XIX. Co emprego da ironía, Castelao expon as súas verbas, e, o mesmo tempo, foxe das posibles consecuencias derivadas dunha realidade que forma o contexto social: a época da monarquía previa á da Dictadura de Primo de Rivera.

Por eso tamén a velada opinión do esquelete dono do ollo de vidro:

"Eu no mundo tamén fun un pouco republicano anque nunca penséi que a República fose dabondo pra gobernar Hespaña" (38).

Castelao vese obrigado a expoñer seu pensamento sen explicita-lo na súa totalidade.

Tamén fai referencia o problema da lingua. Novamente, os esqueletes sirven para soaviza-lo ataque de Castelao hacia quenés falan o castelán sendo galegos. A ironía tamén é útil para defende-la lingua galega.

"O que máis me firéu daquela xente foi que non quixesen falar galego, sabendo que os esqueletes non poden falar ben o castelán. Non ten volta que darlle: sen gorxa non pode pronunciarse o "j" nin a "g" fortes.

(...) -¿Cómo queredes falar castelán se non tendes gorxa?" (39).

Coñecida é a defensa das linguas vernáculas feita por Castelao o longo da súa vida, con proxectos como a revista *Galeuzca*.

O esquelete afonda na crítica:

"Oíndolles decir que o progreso vai cara a unidade toméi a parola pra aclarar que o progreso irá cara a harmonía e que se o progreso fose cara isa unidade antipática, antiestética, antinatural e criminal, por riba do progreso está a perfeución e que nós, os galegos, por un desexo de perfeución e por unha dinidade que xa vai sendi dinidade persoal non debíamos consentir que na fala dos nosos abós se eispresase somentes a incultura que lle debemos ó centralismo" (40).

Ataque ó centralismo, defensa da lingua enxebre... Castelao senta as bases do nacionalismo galego. Arremete contra o poder da súa época e contra o conformismo dos galegos. Síntese impotente para facer outra cousa que protestar:

"Naquel intre esquecínme que non era home nin suxeto de Dereito. ¡Ai! eu xa morrín e non son nada e aínda seréi menos cando a terra me coma de todo" (41).

(37) *Op. cit.*, p. 37.

(38) *Op. cit.*, p. 37.

(39) *Op. cit.*, p. 37.

(40) *Op. cit.*, p. 37.

(41) *Op. cit.*, p. 37.

No mesmo campo crítico alcontramo-la visión da terra. Vai máis lonxe da simple paisaxe: cada terra é o que fan os homes dela, pero tamén cada terra ten rasgos que só ela posé.

"A terra galega metida nunha ola é coma terra castelán, poño por caso de comparanza. Os irmáns pinos e os irmáns carballos, que ha tragar a terra, ises sí que son galegos" (42).

Castelao parece quer dicir que a diferenza está en que vai formar parte da terra.

Dentro desa terra sitúanse as tradicións, as lendas, como a peregrinación ó San Andrés de Teixido, o a da Santa Compañía. Dun morto, como é o protagonista do relato, poderíamos esperar a revelación do misterio: non é así.

"Eu ben podía escribir algo da Santa Compañía; mais o pobo galego ficaría sen un misterio nas longas noites do inverno (...) A Santa Compañía fai falla nas cociñas mornas ó redor da lareira" (43).

Castelao tamén critica con súa obra a ciencia que poidera ser calificada de oficial. A ciencia non ten explicación para moitas das cousas que forman parte da vida. Eso acaesce co humor.

"Un esquelete galego que trouxo unha biblioteca na cachola debía definir o humorismo e non o define e según dí non houbo ninguén que o definise aínda.

(...) -Diréille..., diréille -contesta se o sabio esquelete-. E non me di nada" (44).

Outro tanto ten lugar no caso de busca-la solución para matar ó vampiro, para matar, en definitiva, ó caciquismo.

"O meu amigo, cheo de ciencia oficial, moqueábase das xentes sinxelas que crén nos vampiros" (45).

A bulra do esquelete dono de ciencia hacia os que non son donos da súa sabencia, fai que Castelao critique ós sabios que abusan do pobo coa súa cultura superior.

Deducimos, polo tanto, que a visión correxidora de Castelao non se dirixe tan só contra diferenzas económicas e políticas.

O mesmo acaesce cando defende a figura do único esquelete que non pasou na súa vida de ser un neno. Coñecida é a preocupación que Castelao tivo polos nenos galegos, castigados coa emigración do pai, coa imposición dunha lingua extraña na escola, coa probeza...

No relato arremete contra o inglés que se divirte a conta do neno:

(42) *Op. cit.*, p. 39.

(43) *Op. cit.*, p. 43.

(44) *Op. cit.*, p. 43.

(45) *Op. cit.*, p. 46.

"Acabo de descubrir un gran defeuto no inglés. O descubrimento custóume unha fonda pena. Parece mentira que unha ialma tan ergueita e tan intelixente teña un humor tan pouco noble" (46).

E na súa exposición sobre o tema do humor recolle dous casos con protagonismo de nenos, nos que mantén serias dúbidas de ser obxecto de risa:

"-Un rapaciño pequerrechiño escacha unha botella de aceite nas pedras da rúa e o probiño chora. Un home gordo dende a porta dunha tenda olla ó rapaz e rise. ¿Cal das dúas figuras lle intresa máis ó humorista?"

(...) -Vestir un rapaciño de toureiro ou de militar no antroido, ¿pode sere humorista?" (47).

Na dura caricatura da realidade galega, exposta no relato, só se salvan os nenos. Castelao foxe do humor fácil e conta dunha clase que non pode acollerse a unha defensa. Co actuar do autor, coa resposta que o esquelete adoita ante o inglés, Castelao ridiculiza ós homes que abusan dos pequenos:

"Eu cando tal reparéi arrepxeme ó inglés" (48).

A actitude do esquelete responde máis que nunca á figura do seu creador. Refundimos a crítica de Castelao, feita tese na súa obra.

O autor, dende a primeira persoa utilizada no relato, xuzga ó mundo galego. Partindo da ironía dunha ridiculización de si mesmo, faise unha crítica do que compon o que arrodea ó escritor:

"Certo día fitóume unha vaca. ¿Qué coidará de min?, (...) -Bo, total, un home con anteollos. E ó mellor eu non son máis que o que coidou a vaca. Velahí a ledicia de pensar que cando a miña calivera estea ó descuberto xa non poderá xuzgarme ningunha vaca" (49).

O mundo dos mortos evita os xuícios baleiros.

Este vai se-lo recurso do Castelao escritor nesta primeira obra. Pártese dun cemiterio, onde un enterrador atopa na caixa dun morto as memorias dun esquelete. Este esquelete é dono dun ollo de vidro.

Dende este ollo, o autor recolle a visión da sociedade dun mundo ultraterreo, donde cada un conserva o rango que tivo en vida. Convírtese nun espello da sociedade galega da época.

O mundo das revoltas campesiñas, que non chegan ó bon porto que pretendían pola cobardía dos vivos, segundo as verbas do esquelete protagonista que atopa unha muller morta por amor, e por amor ia un sarxento!

As distintas persoaxes que vimos, van dando a razón as ideas do dono do ollo de vidro:

(46) *Op. cit.*, p. 39.

(47) *Op. cit.*, pp. 42-43.

(48) *Op. cit.*, p. 39.

(49) *Op. cit.*, p. 31.

"Os esqueletes son tan parvos como as persoas. Abonda decir que non pensan máis que en beilar" (50).

O compromiso de calquer tipo non ten lugar. Só un pensamento, a diversión, evadirse dos problemas de acotío. Unha sociedade conformista que Castela quixo cambiar.

"Pra min todos os esqueletes son o mesmo. (...) En troques iles, antre sí, coñécense moi ben. Debe sere porque iles son cegos i eu vexo" (51).

Dende a postura que lle ofrece a posesión do ollo, o esquelete ve o que os demais non poden, ou, mellor dito, non queren ver. Vaino facendo en pulos, sen comprometerse a fondo, en rasgos que esquencen datos non relevantes.

Os médicos, os probes, que, co desexo de ser alguén, morreron de saudade sen te-la posibilidade de amostralos, e aínda dispois de mortos, choran esta negación do mundo "humán". O esquelete laméntase:

"Meus compañeiros, afeitos ás regalías do outro mundo ou fracasados na vida, non fan máis que laiáranse polo que perderon ou polo que non conqueriron" (ver nota 13).

Antre os probes fracasados, a leria dos políticos, que coidan que coas súas ideas van facer un mundo máis xusto, que falan do goberno dos vivos e non se decatan de que xa son mortos. Lerias, parolas... tan mortas como quen as dí. Ideas utópicas, suicidas.

A República, a lingua galega, a dinidade, tantas e tantas cousas por facer, mais... "Eu xa morrín e non son nada".

A terra, da que os vivos falan, e que só os mortos coñecen no seu verdadeiro valor.

Os nenos: nin de mortos poden descansar en paz. Asoballados, sempre baixo a opresión da xente que dí protexe-los.

A loita polo predominio, aínda de mortos: os cartos, o diñeiro, facendo e desfazendo, decidindo quen é honorable e quen non. E, no fondo, a insatisfacción.

O rico quere ser poeta, os poetas queren ser ricos. Os filánropos esquencen o adxetivo do seu nome, amor á humanidade sí, pero con cartos.

Os señoritos namorando rapaciñas, mentras os país emigran e voltan probes, enfermos. As rapazas que caen baixo os señoritos, porque non queren ser como foron outras, e os vestidos, a seda, a boa vida; todo tan cerca, e, sen embargo, tan lonxe.

O humorismo, a socarronería, as lendas máis arraigadas, tamén forman parte da sociedade galega, e, claro está, do mundo do esquelete dono do ollo de vidro.

E no fondo da alma, un desexo: o mundo rural, as aldeas campesiñas e mariñeiras. No fondo, Rianxo ou calquera terra semellante. Calquera de Galicia.

Como remate, a figura do cacique; dominando o sentido final do relato como domina a sociedade, aproveitándose dos máis probes.

(50) *Op. cit.*, p. 34.

(51) *Op. cit.*, p. 34.

"Chegou ó burgo máis probe da cibdade e paróuse diante dunha chouza" (52).

Non remate da obra prométesenos a visión do mundo rural. Coido que Castelao non publicou tal relato porque non lle ofrecería distincións co que ten publicado. Cícáis as persoaxes dos labregos non gardaban tanta riqueza crítica, eran sinxelamente os marxinaos e non conviña abondar neles.

Vemos que o relato se axusta o análese sociolóxico. Danos una *ollada social*:

Crítica económica:

- no cacique: que asoballa nos probes.
- no pataqueiro e no filántropo: que só pensan no diñeiro.
- na rapaza: que se ve engañada polo señorito e máila súa avaricia.
- no enterrador de cidade: que dispe ós mortos para seu proveito.

Crítica social:

- no comportamento do inglés que abusa do neno.
- no pai: que vese obrigado a emigrar para mante-la súa familia.
- no esquelete sabio: cheo de ciencia, pero que non ten solucións prácticas para arranxa-lo mundo.

Crítica política:

- no esquelete suicida do século XIX: é dicir, crítica á goberno. Petición da República, defensa da lingua propia, dos rasgos da terra.
- na muller que morre por amor a un sarxento de artillería. Imootencia ante a imposibilidade dunha Revolución. Crítica á cobardía de non adoptar novas propostas de cambeo político.

Aínda que breve, *Un ollo de vidro - Memorias dun esquelete*, configúrase con unha obríña de indudable intrés para coñece-la sociedade, a realidade galega dos primeiros anos do século XX, por medio da literatura.

(52) *Op. cit.*, pp. 44-45.